



CONCELLO DE BUEU GABINETE DE COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
comunicacion@concellodebueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

COMUNICACIÓN DA ALCALDÍA

PLAN ESPECIAL DE VERÁN PARA O BARRIO DA BANDA DO RÍO

Tal e como se fixo en anos anteriores, o Concello de Bueu activa o Plan Especial para o barrio da Banda do Río, coas seguintes condicións:

- O obxectivo é ordenar a mobilidade no barrio durante a tempada estival, polo que se terán en conta todas as sensibilidades e usos. Este plan estará en vigor entre o 9 de xuño e o 15 de setembro de 2022, coas mesmas condicións ca o pasado ano.
- De luns a venres pecharase ao tráfico a rúa Montero Ríos, concretamente entre Rosalía de Castro e Alexandre Bóveda, e entre o canellón da Bicha e Francisco Escáneo, a partir das 20.30 h, e as fins de semana e festivos, dende as 14.30 h.
- Durante eses horarios garantirase o acceso das persoas residentes ou as que se dirixan ao barrio para determinados servizos, como compras ou recollida de comida. Para iso deberá contarse cun ticket ou factura de compra, que se deberá ter dispoñible para o seu posible requirimento por parte da Policía Local.
- As persoas residentes e os servizos terán o acceso garantido ao barrio pola rúa Alexandre Bóveda durante todo o día, sen ningunha restrición.
- Cando se peche a rúa ao tráfico, os locais de hostalaría poderán colocar as terrazas ao longo da calzada, deixando o paseo e a beirarrúa libres para que a cidadanía poida pasear con plenas garantías.
- Entre a rúa Alexandre Bóveda e o canellón de A Bicha reservase o estacionamento para residentes, agás en horario comercial, no que se destinará tamén para servizos.
- É importante que esteamos nun espazo de convivencia e que cumpramos estritamente con estas medidas. Solicítase a colaboración de todas e todos para construír un espazo vivible e amable, no que se limite o acceso de vehículos innecesarios e se priorice ás persoas.
- O Concello velará polo cumprimento estrito destas medidas, e poñerase en marcha un control dos botellóns por parte da Policía Local e tamén se establecerá un dispositivo de





CONCELLO DE BUEU
GABINETE DE COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
comunicacion@concellodebueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

limpeza especial nas mañás das fins de semana, que incluíra baldeos con maquinaria e manuais.

Félix Juncal Novas

Alcalde de Bueu

(Documento asinado electronicamente ao marxe)

